



VIAGGI E VIAGGIATORI

PERCORSI, CAMMINI, INCURSIONI IN AREA IBERICA

a cura di Giovanni Borriero, Giovanni Cara,
Rachele Fassanelli, Barbara Gori

cleup



LA ZATTERA
DI PIETRA

Collana di Iberistica
Testi e strumenti

6

LA ZATTERA DI PIETRA

Collana diretta da Giovanni Borriero, Giovanni Cara, Barbara Gori

Comitato scientifico

António Apolinário Lourenço (Universidade de Coimbra)
Manuel Ferreiro (Universidade da Coruña)
Giorgio de Marchis (Università di Roma Tre)
Carmen Mejía Ruiz (Universidad Complutense de Madrid)
Carlo Pulsoni (Università degli Studi di Perugia)
Antonio Sáez Delgado (Universidade de Évora - Portogallo)

Comitato editoriale

Stefano Bazzaco (Università di Verona)
Ivo Elies Oliveras (Scuola Superiore Meridionale)
Maria Aparecida Fontes (Università degli Studi di Padova)
Guia Minerva Boni (Università L'Orientale di Napoli)
Santiago Serantes Blanco (Università degli Studi di Padova)

I volumi della collana sono sottoposti a procedura di double peer review.

VIAGGI E VIAGGIATORI

PERCORSI, CAMMINI, INCURSIONI
IN AREA IBERICA

a cura di Giovanni Borriero, Giovanni Cara,
Rachele Fassanelli, Barbara Gori

cleup

Pubblicazione realizzata con il contributo del Dipartimento di Studi Linguistici e Letterari dell'Università degli Studi di Padova.

Prima edizione: dicembre 2025

ISSN 2785-6429

ISBN 978 88 5495 857 9

© 2025 CLEUP sc

“Cooperativa Libreria Editrice Università di Padova”

via G. Belzoni 118/3 – Padova (t. +39 049 8753496)

www.cleup.it

www.facebook.com/cleup

Tutti i diritti di traduzione, riproduzione e adattamento, totale o parziale, con qualsiasi mezzo (comprese le copie fotostatiche e i microfilm) sono riservati.

Grafica di copertina di Danilo Santinelli.

www.danilosantinelli.it

Indice

Introduzione	7
Mercedes Brea Trobadors galego-portugueses e tipos de viaxes	15
Carlo Pulsoni I viaggi di San Giacomo nella Penisola Iberica	33
Donatella Siviero «Cosas merauellosos he estranyes»: viaggi reali e viaggi immaginari nella prosa catalana medievale	49
Ivo Elies Oliveras Per terres de la Romania: primeres anotacions sobre les descripcions en la <i>Crònica</i> de Ramon Muntaner	67
Diego Poli Il Catai e la Cina: alla ricerca di una identificazione	97
Lorenzo Casarotto Memorie e naufragi psicologici di Álvaro Núñez Cabeza de Vaca	127
Giovanni Cara La quarta uscita di Don Chisciotte da uno shtetl: I viaggi di Beniamino III di Mendelev Moicher Sfurim	141

Mariagrazia Russo La vita nel Tonchino di Francesco Saverio Camerini (1733-1782): viaggio di andata e ritorno tra fede e obbedienza ai decreti pombalini	163
António Apolinário Lourenço Viajantes desencontrados: viagens a Portugal de Emilia Pardo Bazán e Benito Pérez Galdós	175
Dionísio Vila Maior Viagens modernistas e a consciência ampliada do ‘eu’	195
Antonio Sáez Delgado Iberismo e andaluzismo em Lusitania de Rogelio Buendía	209
Giorgio de Marchis Jaime de Magalhães Lima pela Europa fora	221
José Cândido de Oliveira Martins Fascínio da viagem na escrita cronística de Agustina Bessa-Luís	237
Paula Cousillas Pena, Carmen Mejía Ruíz La peregrinación de Álvaro Cunqueiro	253
Isabel Ponce de Leão Os rostos e o rosto da literatura de viagens (o caso de David Mourão-Ferreira)	271
Barbara Gori Un viaggio nelle fatiche del vedere: i <i>Trabalhos do Olhar</i> di Al Berto	281
Dolores Vilavedra Miguel Anxo Murado: ollar o mundo dende o país onde o sol morre	299
Emanuele Leonardi Viaggio oltre la scoperta: cronache di una finzione tra Vespucci e Borges	315
Indice dei nomi	335

Trobadores galego-portugueses e tipos de viaxes

Mercedes Brea

Universidade de Santiago de Compostela

Falar de trobadores implica, en certa maneira, falar de viaxes, porque é certo que puido haber algúns que apenas se movesen dunha corte¹ na que estaban a gusto e tiñan cubertas tanto as súas necesidades coma un auditorio máis ou menos estable, pero na maior parte dos casos – e moi en particular no que se refire aos xograres que vivían de exercer a súa profesión – movíanse segundo as circunstancias do momento o facían conveniente. Lamentablemente, é aínda pouco o que sabemos, en xeral, da biografía dos trobadores galego-portugueses, pero, sen ir máis lonxe, moitas *vidas* recollidas nos cancioneiros provenzaís dan conta explícita das andanzas destes axentes líricos².

Está claro que non se trata na súa maior parte (en particular no ámbito galego-portugués) de viaxes prolongadas no espacio e no tempo, de viaxes de exploración ou descubertas, coma no caso de Marco Polo ou de tantos outros viaxeiros intrépidos que se adentraron en terras pouco coñecidas por motivos relixiosos, diplomáticos,

¹ Téñase presente que a corte podía ser ela mesma itinerante, como aconteceu a miúdo coas cortes reais dese período, pero tamén coas de bastantes familias nobiliarias.

² Neste sentido, e por escoller só unha das máis breves entre os trobadores da primeira xeración, resulta paradigmática a de Cercamon: «Cercamon si fo uns juglars de Gasconha e trobet vers e pastoretas a la usanza antiga. *E cerquet tot lo mon lai on el poc anar*, e por so fez se dire Cercamons» (tomamos o texto de https://trobadors.iec.cat/veure_estudi.asp?id_estudi=132 [última consulta: 13/08/2024]).

comerciais..., se ben – volvendo ás *vidas* provenzaís – non faltan casos tan significativos como o de Jaufre Rudel e a súa viaxe a Trípoli para coñecer aquela dama da que namorara polo que dela escoitaba contar³; ou o daqueles trobadores que participaban nas cruzadas (sirva como exemplo, entre outros, a *vida* de Raimbaut de Vaqueiras).

E, do mesmo xeito que os trobadores se trasladaban duns lugares a outros, tamén se movían os propios textos, tanto por vía oral – a través das interpretacións realizadas diante dun público habitualmente cortesano – como en soporte escrito (rolos, follas volantes... e, a partir da segunda metade do s. XIII, tamén en forma de libros, de cancioneiros – individuais ou colectivos –)⁴.

Son, pois, moitas as perspectivas desde as que cabería contemplar a relación entre os trobadores e as viaxes, pero nesta ocasión optamos por intentar pasar revista, de forma xenérica, ás diferentes funcións que poden desempeñar os cambios de lugar (*lato sensu*) en cada unha das tres grandes categorías⁵ en que se estruturan as cantigas galego-portuguesas, sen afondar en ningunha delas en particular.

1. *Cantigas de amor*

En ocasións – e sen que, en xeral, se expliciten os motivos – é a *senhor* a que pon distancia entre ela e o seu namorado, porque se traslada (voluntariamente ou non) a outro lugar, pero abundan máis os casos en que o trobador manifesta claramente a súa intención (pode

³ Lembremos que, en non poucas ocasións, as *vidas* eran construídas a partir do contido das composicións do trobador en cuestión (neste caso, o famoso canto do *amor de lonh*).

⁴ En ocasións, son os propios textos os que deixan constancia expresa (de maneira especial, nas tornadas) destes desprazamentos: «Arnautz *tramet son chanter* d'ongla e d'oncle, | ab grat de lei que de sa verga l'arma, | son desirat c'a pres de chambra intra» (reproducimos a tornada da famosa sextina a partir da edición de Perugi 2015: 333).

⁵ Deixamos de lado, porque non aportan neste caso perspectivas diferentes, os *lais de Bretanha*, se ben no terceiro deles (157,32) aparece unha referencia clara a que o namorado partiu de onde estaba a dona.

ser tamén unha imposición forzosa) de alonxarse de onde ela está. Os verbos que marcan ese desprazamento a un lugar diferente do que se toma como referencia (con frecuencia, mediante o adverbio *aquí*) son, sobre todo, *irse* e *partir*, e, en menor medida, outros como *quitar(se)*, *alongar(se)*, *leixar*⁶..., que teñen como contrapunto preferente *ficar*.

1.1. A amada pode partir por motivos indeterminados, sumindo ao trobador na maior *coita*⁷, e mesmo pode ser que o faga por decisión propia⁸, como parece indicar Nuno Fernandez Torneol:

Ir-vos queredes, mia sennor,
e fiqu' end' eu con gran pesar,
que nunca soube ren amar
ergo vós, des quando vos vi;
e, pois que vos ides d' aquí,
*sennor fremosa, que farei?*⁹
(106,10, I)¹⁰

Noutros casos, resulta complicado coñecer os motivos que poden estar detrás da marcha:

⁶ Neste caso, obviamente, cando o seu significado é o de 'abandonar (un lugar)'.

⁷ *Coita* que pode tornarse en *lezer* cando, despois de vela partir, chega a contemplar o seu retorno («De gram coyta faz gram lezer | Deus, per quant' eu entend' e ssey, | e de gram pesar gram prazer, | e direy-vos por que o sey, | *ca vi mba senbor d' aquend' ir | e ora vejo-a viir*», Roi Fernandiz, 143,3, I). Os desprazamentos non se producen, pois, só nun único sentido, senón que son, con moita frecuencia, de ida e volta, aínda que os lamentos do trobador fagan fincapé maioritariamente na partida, que conleva unha separación.

⁸ Ou, en calquera caso, que exprese claramente a súa decisión (o seu mandato, máis ben) de que o namorado non a siga, como pode verse, entre outros casos, en *Ay, mia senhor! Quero-vus preguntar*, de Vasco Gil (152,1) ou *Pois minba senbor me manda*, de Roi Queimado (148,16).

⁹ A presenza da cursiva nalgúns versos indica que estamos diante do refrán da composición.

¹⁰ Reproducimos os textos tal e como figuran en *MedDB* (www.cirp.es/meddb), polo que remitimos ás edicións que alí se explicitan. O sistema de referencias empregado para identificar trobador e cantiga remite (con lixeirísimas modificacións) a Tavani 1967.

Ay mia senhor! sempr' eu esto temi,
des que vus vi, que m' oy de vos aven:
Irdes-vus vos, e ficar eu aqui,
u nunca mais acharei outra ren
de que eu possa gasalhad' aver,
nen me de vos faça coita perder.
(Fernan Figueira de Lemos, 41,1, I)

Que alongad' eu ando d' u iria
se eu ouvesse aguizado d' ir i
que viss' a dona que veer querría
-que non visse, ca por meu mal a vi-,
de que m' eu mui sen meu grado parti,¹¹
e mui coitad', **e fui s' ela sa via,**
e fiquei eu, que mal dia nací.
(Pero García Bungalês, 125,40, I)

Dado que o trobador non desexa en modo algún causar mal á súa dama permitindo que os *miscradores* poidan descubrir que é a ela a quen vai dirixido o seu canto¹², cabe pensar que, nalgún caso, esa sexa a razón de que a deixe partir sen tratar de seguila:

E Deu-los leix' assi ficar
com' eu, senhor, sen vos fiquei,
u vos vi ir, e non ousei
ir con vusco, e de pesar
ouvera por end' a morrer:
tan grave me foi de soffrer
de m' aver de vos a quitar!
(Johan Soarez Somesso, 78,13, IV)

O distanciamento físico da amada pode estar tamén relacionado co feito de que contraía matrimonio e cambie a morada familiar pola do esposo, como deixa patente Lourenço¹³:

¹¹ Advirtase cómo, neste caso, parece que o trobador se tiña apartado da dama con antelación á partida dela cara outro lugar.

¹² Na terceira estrofa resulta evidente esa circunstancia: «E dê-me poder de negar | sempr' a mui gran cuita que ei | por vos aas gentes que sei | que punhan en adivinhar | fazenda d' om' e 'n-a saber» (III, vv. 1-5).

¹³ A indicación de que a *levaron* e a *foron casar* denuncia que non se trata dun acto voluntario da dama, como non o é nunha composición de Roi Fernandiz («Se om' ouvesse de morrer, | senhor, veendo gran pesar | da ren que mais soubess' amar | de quantas Deus quisso fazer, | eu non podera mais viver | u **vus foron d' aqui filhar, | a forza de vos elevar,** | e vos non puid' eu i valer!», 142,24, I) na que non se sinala

Senhor fremosa, oy eu dizer
 que **vus levaron d' u vus eu leixei**
 e d' u os meus olhos de vós quytey:
 aquel dia fora ben de morrer
eu, e non vira atan gran pesar
qual mi Deus quis de vós amostrar.

Porque **vos foron, mha senhor, casar**
 e non ousastes, vós, dizer ca non:
 por én, senhor, assy Deus mi pardon,
 mays mi valera ja de me matar
eu, e non vira atan gran pesar
qual mi Deus quis de vós amostrar.
 (88,15)

Non se pode desbotar tampouco a posibilidade de que, en ocasións, o lamento pola partida da dama teña que ver coa morte desta¹⁴, como parecen insinuar algunhas cantigas¹⁵:

Oimaís quer' eu punhar de me partir
 d' aqeste mund' e farei gran rason,
poi-lo leixou a mia senhor e non
 pud' i viver e fui alhur guarir,
 [...]
 E pois que ja non á prez nen valor
eno mundo d' u se foi mia senhor,

¡Ai!, Deus, que grave coita de sufrir:
 desejar mort' e aver a viver
 com' oj' eu viv', e mui sen meu prazer,
 con esta coita que me ven tanta;
 desejo mort' e querría morrer,
porque se foi a rainha franca.
 (Pero García Bungalês, 125,1, I)

abertamente se a levaron á forza ao matrimonio (mediante un rapto?) ou mesmo a un convento, ou simplemente a outro lugar diferente.

¹⁴ Sobre o motivo da morte da dama, é imprescindible a consulta de Bertolucci 2001, que, en calquera caso, non chega a analizar ningún destes dous textos.

¹⁵ Para distintas hipóteses explicativas da composición de Pero García Bungalês, vid. Marcenaro 2012: 11-12. No relativo á de Besteiros, cabería tamén pensar que a dama abandonou o mundo no que vivía non porque morrese senón porque ingresou nun convento; como lembra Bertolucci (2001: 330), «C'est en fait dans le milieu lyrique galego-portugais que le thème de la mort de la dame et celui de son entrée au couvent se mêlent le plus souvent, au point qu'il est parfois difficile de les distinguer».

Deus me confonda se eu i guarir.
(Afonso Mendez de Besteiros,
7,10, I, vv.1-4; II, vv. 5-7)

1.2. Máis explícita resulta habitualmente a partida do trobador, que con moita frecuencia quere marchar porque non soporta o rexeitamento ou o desdén da dama. Esta ‘razón de peso’ está tan presente ao longo de toda a tradición que podemos exemplificala con autores da primeira xeración á última:

Sazon é ja de **me partir**
de mia senhor, ca ja temp’ei
que a servi, ca perdud’ei
o seu amor e **quero-m’ir**;
mais pero direi-lh’ant’assi:
«Senhor, e que vos mereci,
ca non foi eu depois peor
des quando guaanhei voss’amor?»
(Osoir’Anes, 111,7, I)

Non fez Deus par a deseio tan grande
nen a qual coita sofrerey, **des u me**
partir de vos; ca, per u quer que ande,
non quedarei ar, meu ben e meu lume,
de chorar sempre; e con mui gran queixume
mal direy mha ventura:
ca de viver eu en tan gran tristura
Deus, senhor, non-no mande!
(Estevan da Guarda, 30,23, III)

Pode acontecer que ese ‘abandono’ da *senhor* que non desexa o seu servicio impulse o trobador a despedirse definitivamente (é o que se coñece como motivo do *comjat*) e buscar quen o acolla de mellor gana, segundo o modelo da *chanson de change* (Bertolucci 1993), se ben os resultados desa decisión non sempre van cumprir as expectativas:

E por esto perdi o sen
por tal dona que me non val!
E pero non direi por quen;
mais **per muitas terras irei**
servir outra, se poderei
negar esta que quero ben.
(Johan Soarez Somesso, 78,18, IV)

Ora veg’ eu o que nunca coidava,
mentr’ eu vivesse, no mundo veer:
vi ña dona mellor parecer
de quantas outras eno mundo vi,
e por aquela logo me parti
de quant’ eu al no mundo desejava.
E se eu ant’ en mui gran coit’ andava,
ja m’ esta dona faz mayor aver,
ca me faz Deus por meu mal entender

todo seu ben; e poi'-lo entendi,
 mais en tan grave dia foy por mi,
 ca mais coitad' ando ca ant' andava.
 (Fernan García Esgaravunha, 43,9,
 I-II)

Ademais, a busca dunha *senhor* nova á que ofrecer o seu servicio amoroso non garantiza dar coa adecuada, porque é posible que en ningures atope o trobador quen poida competir con aquela que tanto o fai padecer:

**Andei, senhor, Leon e Castela
 despois que m' eu d' esta terra quitei,**
 e non foi i dona nen donzela
 que eu non viss', e máis vos én direi:
quantas máis donas, senhor, ala vi,
tanto vos eu mui máis precei des i.

E quantas donas eu vi, des quando
 me foi d' aqui, punhei de as cousir,
 e poilas vi, estive cuidando
 en vós, senhor, e por vos non mentir,
quantas máis donas, senhor, ala vi,
tanto vos eu mui máis precei des i.

E as que ala maior prez avian
 en todo ben, todalas fui veer,
 e cousi-as, e ben parecian,
 pero, senhor, quero-vos al dizer:
quantas máis donas, senhor, ala vi,
tanto vos eu mui máis precei des i.
 (Johan Airas, 63,14)

Máis dunha vez queda claro que o alonxamento do lugar no que está a dama obedece a un mandato directo dela:

Pois **minha senhor me manda
 que non vaa u ela estever,**

E dizede-me já que vos fiz pesar,
 por que mi assi mandades ir morrer,

querolho eu por én fazer,
pois mo ela assi demanda,
mais non me pod'ela tolher por én
que lh'eu non queira gran já.
(Roi Queimado, 148,16, I)

ca **me mandades ir allur viver**, e, pois
m' eu for, e me já vós achar,
sennor fremosa, que farei enton?
Dized', ai coita do meu coração!
(Nuno Fernandez Torneol, 106,16,
II)

En calquera caso, ás causas anteriores (abandono por desesperación, orde da amada) hai que engadir a posibilidade de que a partida sexa obrigada, probablemente – se ben non sempre se aprecia con claridade – pola necesidade de prestar servizo militar ao rei ou ao señor do que é vasalo:

Gran mal me faz agora **‘l-Rei**,
que sempre servi e amei,
porque **me parte d' u eu ei**
prazer e sabor de guarir.
Se m' eu da Marinha partir,
non poderei albur guarir.
(Fernan Paez de Talamancos, 46,2, I)

Quand' og' eu vi per u podia ir
a essa terra u é mía senhor,
e u eu d' ir avia gran sabor
e me d' ali non podia partir
chorei tan muito d' estes olbos meus
que non vi ren e chamei muito Deus!
(Johan Lopez d'Ulhoa, 72,14, I)

Estas marchas indesexadas incrementan a dor que experimenta o trobador ata tal punto que pode provocar o desdobraemento entre o corpo que debe ausentarse e o corazón, que permanece a carón da amada:

Que partid' eu serei, senhor,
de nunca já veer prazer,
des quand' ora partido for'
de vus falar e vus veer!
E partido serei logu' i
d' aver sabor d' al nen de mi!
(Vasco Gil, 152,10, I)

Voum' eu, senhor, e quérovos leixar
encomendad' **este meu corazón**
que fique vosqu' e faredes razón,
señor, se vos algúa vez nembrar
ca el de vós nunca se partirá,
e de mi, señor, por Deus, ¿que será
poilo corazón migo non levar?
(Pai Gomez Charinho, 114,28, I)

2. *Cantigas de amigo*

Se as cantigas de amor ofrecen o punto de vista dun namorado *coitado* que ás veces non encontra outra alternativa para deixar de sufrir que alonxarse da dama que o ten ‘desamparado’, ou que se ve forzado a separarse dela para cumprir outras obrigas, as cantigas de amigo nas que se rexistra o motivo da ‘partida’ proporcionan unha perspectiva diferente, pero tamén máis variada, posto que, por unha parte, a voz que se escoita pode ser a da mociña que chora a ausencia (voluntaria ou non) do amado, pero, por outra, hai tamén donas que expresan a súa *sanha* polo abandono sen que mediase un mandato dela, ou ben pola falta de cumprimento dunha promesa de pronto retorno.

2.1. Entre os exemplos máis coñecidos e repetidos da rapariga que lamenta a carencia de noticias do *amigo* poden lembrarse a cantiga de Mendinho ou as de Martin Codax (que tamén ofrece como variante a manifestación de alegría que acompaña o rumor dun posible regreso, en 91,4). Baste con traer a colación refráns como o de Mendinho (98,1), *Eu atendendo meu amig’! E verra?*, ou algún de Martin Codax: *e, ai Deus, se verra cedo!* (91,6).

Naqueles casos en que o amado marchou (fose sen previo aviso ou xurando que volvería) e non hai certezas sobre o seu regreso, a namorada séntese autorizada a pensar que lle mentiu, manifestando a súa *sanha* contra el:

Quando se foi, fezmi preito
que se verria mui cedo,
e mentiumi, tort’ á feito;
e, pois de mí non á medo,
nunca mi por el rogedes,
jai, donas!, fe que devedes.
(Afons’Eanes do Coton, 2,20, II)

E el quer muito con el-rei viver
e mia *sanha* non a ten en ren,
e el-rei pode quanto quer poder,
mas mal mi venha onde ven o ben,
se nunca lh’ el-rei tanto ben fazer
quanto lh’ eu farei, quando mi quiser.
(Johan Airas, 63,77, II)

Claro que tamén pode arrepentirse do seu comportamento anterior e decidir aceptalo ao seu servicio se ven de novo onda ela:

Vai-s', amiga, meu amigo d' aqui
 triste, ca diz que nunca lhi fiz ben,
 mais se o virdes, ou ante vós ven,
 dizede-lhi ca lhi digu' eu assi:
que se venha mui ced', e se veer
cedo, que sera como Deus quiser.
 (Johan Airas, 63,79, I)

Algunha cantiga de amigo insiste no motivo apuntado por Somesso (78,13): a partida dun dos namorados responde á vontade consciente do amado de non causar ningún mal á dona (e talvez, a un tempo, a sí mesmo) poñéndoa en evidencia co seu trobar de amor, como pode advertirse no diálogo que manteñen ambos os dous no momento da despedida nunha composición de D. Denis:

– Amigo, **queredes-vos ir?**
 – Si, mia senhor, ca **non poss'al**
fazer, ca seria meu mal
e vosso; por end'a partir
 mi conven daqueste logar:
 mais que gran coita d'endurar
 mi sera, pois me sen vós vir!
 (25,13, I)

2.2. Un trazo común á case totalidade destes textos de amor e amigo que ofrecen o motivo da partida é a imprecisión xeográfica: *aqui, aqueste logar, estas terras; i, alhur*, etc. Existen, non obstante, dúas modalidades nas que a presenza dun topónimo ou a mención expresa de que o protagonista está realizando un desprazamento forman parte das características propias desa variedade temática.

As cantigas nas que a figura feminina é presentada como *pastor*¹⁶ adoitan ir acompañadas ben da indicación do lugar en que a encontra o trobador, ben da referencia ao recorrido que el está levando a cabo:

¹⁶ Sobre as dificultades para discernir en qué casos cabe falar de auténticas pastorelas, vid., sobre todo, Lorenzo Gradín 1994.

Pelo souto de Crecente

ũa pastor vi andar
 muit' alongada de gente,
 alçando voz a cantar,
 apertando-se na saia,
 quando saía la raia
 do sol, nas ribas do Sar.
 (Johan Airas, 63,58, I)

**Cavalgava noutro día
per o caminho francês**

e ũa pastor siia
 cantando con outras tres
 pastores e non vos pês,
 e direi-vos toda via
 o que a pastor dizia
 aas outras en castigo:
 “Nunca molher crêa per amigo,
 pois s’ o meu foi e non falou migo”.
 (Johan Perez d’Aboim, 75,3, I)

Pero é nas ‘cantigas de santuario’¹⁷ nas que aparece unha maior precisión neste sentido, posto que están artelladas ao redor do nome dun edificio relixioso (unha ermida, case sempre) ao que se adoita acodir en romaría, recorrendo un espazo que pode ser máis ou menos extenso, equiparable a unha viaxe non moi longa, realizada con frecuencia en compañía doutras persoas:

A San Servando foi en oraçon
 eu, que o viss’, e non foi el enton,
 e por atanto, se Deus mi perdon,
achar-s’ á end’ el mal, se eu poder,
se ora fôr sen meu grad’ u ir quer;
achar-s’ á end’ el mal, se eu poder.
 (Johan Servando, 77,7, IV)

A Far’ un día irei,
 eu, mía madre, se vos prouguer,
 rogar se veerei
 meu amigo, que mi ben quer,
e direi-lh’ eu enton
a coita do meu coraçon.
 (Johan de Requeixo, 67,1, I)

¹⁷ Dado que existe abundante bibliografía sobre este tipo de composicións, remitimos a unha das revisións máis recentes (Ron Fernández 2019), na que poden atoparse tamén as referencias anteriores. A cartografía das cantigas de santuario pode ser revisada no recurso *Romarias* (<https://cantigasderomaria.org/>).

3. *Cantigas de escarño e maldicir*

Se comezamos a revisión das composicións satíricas polas que poderían ser consideradas de algún modo ‘escarños de amor’, descubriremos algunhas nas que abundan as referencias toponímicas¹⁸ que detallan o recorrido realizado polo namorado que se alonxa da súa amada:

Pois non ei de Dona Elvira
seu amor e ei sa ira,
esto farei, sen mentira,
pois **me vou de Santa-Vaia:**
morarei cabo da Maia,
en Doiro, antr’ o Porto e Gaia

Se crevess’ eu Martin Sira,
nunca m’ eu dali partira
d’ u m’ el disse que a vira:
en Sanhoane e en saia.
Morarei cabo da Maia,
en Doiro, antr’ o Porto e Gaia
(157, 43^{bis})

As mias jornadas vedes quaes son,
meus amigos, meted’ i femença:
de Castr’ a Burgos e end’ a Palença,
e de Palença sairm’ ar Carrion,
e end’ a Castro, e Deus mi dé consello,
ca vedes, pero vos ledo semello,
muit’ anda triste o meu coraçon.
(Afons’Eanes do Coton, 2,6, I)

3.1. En calquera caso, resulta evidente que o xénero escarniño é o máis rico na indicación de itinerarios, sexa cal sexa o motivo que dá lugar a eles, motivo que en ocasións semella un mero pretexto para facer burla de alguén (por exemplo, de cabaleiros que non proporcionan boas comidas aos seus hóspedes):

Un dia fui cavalgar
de Burgos contra Carrion,
e saíu-m’ a convidar

E disse-m’ el: – **Per Leirãa,**
se vai caminho de Sãa.
Dixi-lh’ eu: Per com’ el cea!

¹⁸ Para ubicar os topónimos citados na lírica galego-portuguesa, recomendamos utilizar unha ferramenta (CANTICAR), posta recentemente a libre disposición dos usuarios en www.cirp.gal.

no caminh' un infançon;
e tanto me convidou,
 que ôuvi logo a jantar
con el, mal que mi pesou.
 (Pero da Ponte, 120,51, I)

Pois **eu fiqu' en Stremadura**;
 se vai caminho de Sêa.
 el, vaa-s' en boa ventura.
 (Estevan da Guarda, 30,8, II)

Afonso X proporciona numerosos exemplos de lugares relacionados con aqueles episodios en que o monarca se ve abandonado en campañas militares por nobres e infanzóns cobardes:

O que filhou gran soldada
 e nunca fez cavalgada,
 e **por non ir a Graada**
que faroneja?
 Se é ric' omen ou á mesnada,
maldito seja!
 (Afonso X, 18,30, III)

O adail é mui gran sabedor,
 que o guiou **per aquela carreira**:
 por que o fez **desguiar da fronteira**
 e en tal guerra leixar seu senhor;
 e direi-vos al que lhi fez leixar:
 ben que podera fazer por ficar,
 e feze-o poer **aalen a Talaveira**.
 (Afonso X, 18,13, III)

E permítese indicar o camiño que debe seguir Gonçal'Eanes do Vinhal para ir a Sevilla, onde quizais se encontraría co infante D. Enrique (o *amigo* do v. 2), medio-irmán do rei (co que estaba enemistado), a favor do cal parece interceder o destinatario da sátira en dúas cantigas (60,3 e 60,16) de interpretación ambigua (*vid.* Paredes 2010: 122):

Don Gonçalo, pois queredes **ir daqui pera Sevilha**,
 por veerdes voss' amigo, e nono tenh' a maravilha,
contar-vos-ei as jornadas legoa a legoa, milha a milha.

E **ir podedes a Libira** e torceredes ja quanto,
 e depois **ir a Alcalá** sen pavor e sen espanto
 que vós ajades d' i perder a garnacha nen no manto.
 (Afonso X, 18,14, I-II).

3.2. Con todo, probablemente os textos que mellor responden ao concepto de 'viaxe' son aqueles que fan referencia a Ultramar, onde se podía ir en peregrinación pero, sobre todo, para participar nas

Cruzadas. Son varias as pezas que teñen como obxectivo burlarse de aqueles que alardean de ter feito ese itinerario tan cheo de perigos cando non se moveron da súa casa ou ben permaneceron escondidos nalgún lugar máis ou menos próximo o tempo suficiente como para facer creíble o seu relato.

Un texto paradigmático é o dirixido por Martín Soares contra Soeir'Eanes, que vai precedido en B143 (testemuño único) pola rúbrica «Esta cantiga fez Martin Soares a un cavaleiro que era chufador, que dezia que viinha d'Outramar», e que paga a pena reproducir completo para comprobar cómo, en efecto, o tal cavaleiro coñecía unha serie de topónimos relacionados con Terra Santa, pero non tiña a menor idea de onde ubicalos, e moito menos da distancia que separaba os uns dos outros:

Pero non fui a Ultramar,
muito sei eu a terra ben
per Soeir' Eanes, que én ven,
segundo lh' eu oí contar.
Diz que Marselha jaz alen
do mar e Acre jaz aquen,
e Somportes logu' i a par.

E as jornadas sei eu ben,
como lhi éiri oí falar:
diz que pod' ir quen ben andar
de Belfurad' a Santarem,
se noutro día madrugar,
e ir a Nogueirol jantar
e maer a Jerusalem.

E diz que vio ñu judeu,
que vio prender Nostro Senhor;
e averedes i gran sabor,
se vo-lo contar cuido-m' eu;
diz que é un judeu pastor,
natural de Rocamador,
e que á nome Don Andreu.

Do sepulcro vos er direi,
per u andou, ca lho oí
a Don Soeiro; ben assi
como m' el disse, vos direi:
de Santarem três légoas é
e quatr' ou cinco de Loulé,
e Belfurado jaz logu' i.

Per i andou Nostro Senhor;
dali diz el que foi romeu;
e depois que lh' o Soldan deu
o perdon, ouve gran sabor
de se tornar; e foi-lhi greu
d' andar Coira e Galisteu
con torquis do Emperador.
(Martín Soares, 97,28)

Ademais, o motivo da viaxe finxida a Ultramar serviu de pretexto para un pequeno ciclo que toma como branco das chufas a Pero de Ambroa¹⁹, e no que participan Gonçal'Eanes do Vinhal (60,11), Johan Baveca (64,23)²⁰, Pero Gomez Barroso (127,7) e, moi especialmente, Pedr'Amigo de Sevilha (116,11; 116,15; 116,31). As conexións entre estes trovadores son evidentes, pois, amén de participar case todos nun grupiño de escarños dirixidos contra Maria Balteira ou Maior Garcia, Johan Baveca mantén unha tenzón con Pedr'Amigo (64,22 / 116,25) e dirixe un segundo ataque (64,24)²¹ a Ambroa, co que tamén contende nunha tenzón (64,13 / 126,5) sobre a selección que fai Baveca dos trovadores que serve. Ambroa, pola súa parte, ataca a Pedr'Amigo en dúas cantigas de escarño (126,8 e 126,13), e o de Sevilha a el (116,27), en ambos os dous casos por motivos relacionados co sexo.

Sirvan como exemplo do ciclo mencionado os fragmentos seguintes:

Joham Baveca e Pero d' Anbrõa
 ar foron outra razon começar,
 sobre que ouverom de pelejar
Joham Baveca e Pero d' Anbrõa:
 sobre la terra de Iherusalen
 que dizian que sabian mui bem
Joham Baveca e Pero d' Anbrõa.
 (Pedr'Amigo de Sevilha, 116,11, II)

Pero d' Ambroa, senpr' oy cantar
 que nunca vós andastes sobre mar,
 que med' ouvessedes nunc' a sazón,
 e que avedes tan gran coraçón
 que tanto dades que bon tempo faça
 ben como mao nen como boança,
 nen dades ren por tormenta do mar
 (Gonçal'Eanes do Vinhal, 60,11, I)

¹⁹ Entre a produción conservada deste trovador, só encontramos unha breve referencia a esa imaxinaria viaxe a Ultramar: «Ca ja outra vez, quando foi entrar | ena ermida velha Pedr' Amigo, | trobei-lh' end' eu e perdeu-ss' el comigo, | e eu con el **quando vin d' Ultramar**; | mais ora ja, pois m' el foi cometer, | outra razon lhi cuid' eu a mover | de que aja dous tamanho pesar.» (Pero d'Ambroa, 126,13, II).

²⁰ Trátase dun texto fragmentario, no que aproveita este motivo para engadir outra falsa romaría: «Pero d' Ambroa prometeu de pram | que fosse **romeu de Sancta Maria**, | e acabou assy ssa romaria | com' acabou a do frume Jordan:» (64,23, I, vv. 1-4).

²¹ Sobre un tema diferente, e conservado así mesmo de modo fragmentario.

A composición de Gonçal'Eanes merece unha atención especial, pois fai fincapé nos perigos que conlevan as viaxes marítimas empregando dous recursos retóricos destacados: o uso de *mar* como *dobre* en posición de rima nos versos 2 e 7 de cada estrofa, e o de *tormenta do mar* como *palabra-rima* (repítese no mesmo lugar en todas as cobras). Pedr'Amigo utiliza as mesmas formas na terceira estrofa dun dos escarños deste grupo («e, ante que cheg' ao mar, | tornar-me poss' e departir, | com' el depart', en como Deus | prês mort' en poder dus judeus, | e enas tormentas do mar.», 116,31, III, vv. 3-7). E Pero Gomez Barroso fai o mesmo con *mar* («por que non viron quantos aquí son | que nunca vós passastes alen mar», 127,7, II, vv. 3-4)²².

Tomando en consideración os datos que proporciona este rápido (e necesariamente incompleto) repaso polos textos líricos galego-portugueses, cabe pensar que os nosos trovadores non foron intrépidos viaxeiros e que moi probablemente ningún deles tomou parte en ningunha das Cruzadas en Terra Santa. Non se pode desbotar a posibilidade de que algún teña cruzado os Píreos, e moito menos que teñan participado en expedicións marítimas, pero o que resulta case seguro é que foron moitos os que se moveron ao longo e ancho da Península Ibérica seguindo os desprazamentos dos reis ou grandes señores dos que eran vasalos, fose porque formaban parte do seu círculo máis inmediato e ían alí onde se reunía a corte, fose porque debían cumprir as súas obrigas (ou non, como se lles reprocha en varias cantigas de escarño) nas diversas campañas militares que tiveron lugar entre as últimas décadas do s. XII e mediados do s. XIV, tanto as loitas familiares por detentar o poder nos diversos reinos como as guerras entre uns reinos cristiáns e outros, ou as que mantiñan estes

²² Fóra deste ciclo satírico, probablemente o trovador que ten máis presente o que representa o mar, o respecto que hai que terlle e a intranquilidade que provoca en quen agarda en terra é Paí Gomez Charinho, que non en vano foi Almirante do Mar, e que soubo sacarlle partido ao coñecemento tan directo dese medio nunha serie de cantigas para as que é difícil encontrar parangón por moitos motivos: 114,6; 114,7; 114,17; 114,25 (*vid.* Brea 1996; Brea 1999).

contra os musulmáns que aínda dominaban varios territorios que se foron recuperando, en boa medida, nese período.

En calquera caso, as cantigas conservadas – coas excepcións postas de manifesto nos diversos apartados – son parcas en especificacións toponímicas que permitan seguir en detalle os pasos dos seus autores, probablemente porque, de maneira especial nas cantigas de amor e de amigo, estaban máis interesados en poñer de manifesto o feito da separación dos amantes que provocaba o acto de *partir / irse* un deles que de indicar o lugar preciso no que estaban ou onde ían, ou de dar a coñecer o recorrido que facían. Non existen, por este motivo, descricións de viaxes que merezan ser tomadas en consideración, pero a viaxe, entendida como movemento para cambiar de ubicación, está presente en moitas composicións, sexa de forma explícita ou só implícita.

Bibliografía

- Valeria BERTOLUCCI, *Motivi e registri minoritari nella lirica d'amore galego-portoghese: la cantiga «de change»*, en *O Cantar dos Trobadores. Actas do Congreso celebrado en Santiago de Compostela entre os días 26 e 29 de abril de 1993*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, 1993, pp. 109-120.
- ID., *La mort de la dame dans les genres lyriques autres que le planh*, en Georg Kremnitz et alii (eds.), *Le rayonnement de la civilisation occitane à l'aube d'un nouveau millénaire. 6 Congrès International de l'Association Internationale d'Études Occitanes*, Wien, AIEO, 2001, pp. 327-333.
- Mercedes BREA, *Pai Gómez Chariño y el mar*, en C. Alvar – José Manuel Lucía Megías (eds.), *La literatura en la época de Sancho IV. Actas del Congreso Internacional (Alcalá de Henares, 21-24 de febrero de 1994)*, Alcalá de Henares, Universidad de Alcalá de Henares, 1996, pp. 141-152.
- ID., «*Coita do mar, coita de amor*», en Rosario Álvarez – Dolores Vilavedra (eds.), *Cinguidos por unha arela común. Homenaxe ó profesor Xesús Alonso Montero*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 1999, II, pp. 235-248.
- Pero GARCIA BURGALÈS, *Canzoniere: poesie d'amore, d'amico e di scherno*, ed. de Simone Marcenaro, Alessandria, Edizioni dell'Orso, 2012.

- Pilar LORENZO GRADÍN, *La pastorela gallego-portuguesa: entre tradición y adaptación*, «Romanica Vulgaria Quaderni», 13-14 (1994), pp. 117-146.
- Juan PAREDES, *El cancionero profano de Alfonso X el Sabio. Edición crítica, con introducción, notas y glosario*, Santiago de Compostela, Universidade de Santiago de Compostela, 2010.
- Maurizio PERUGI (ed.), Arnaut Daniel, *Canzoni*, ed. a cura di, Firenze, Edizioni del Galluzzo, 2015.
- Xosé Xabier RON FERNÁNDEZ, *Reflexións críticas sobre o espazo nas cantigas de santuario da lírica medieval galega e portuguesa*, «Cadernos Ramón Piñeiro», XXXIX (2019), pp. 325-351.
- Giuseppe TAVANI, *Repertorio metrico della lirica galego-portoghese*, Roma, Edizioni dell'Ateneo, 1967.